

FONDO SOLIDARIO DE LIBROS DE TEXTO E AXUDAS PARA LIBROS E MATERIAL ESCOLAR



Publicada a Orde do 7 de maio de 2024 pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para adquirir libros de texto e material escolar destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial en centros docentes sostidos con fondos públicos para o curso escolar 2024/25 (códigos de procedemento ED330B, ED330G e ED330H). [Texto da orde](#)

ALUMNADO BENEFICIARIO

- **Fondo solidario libros de texto:** 3º e 4º Ed. Primaria.
- **Axudas para libros de texto:** 1º e 2º Ed. Primaria.
- **Axudas para material escolar:** Todo o alumnado de Ed. Primaria.

SOLICITUDES

Presentación da solicitude: A través do [Anexo I e do Anexo II](#) da seguinte forma (preferentemente por vía electrónica):

- **PRESENTACIÓN ELECTRÓNICA:** A través do [seguinte enlace](#).

Despois deberá de presentarse na [sede electrónica](#) co procedemento administrativo ED330B.

***IMPORTANTE:** Na presentación electrónica deberá de presentarse unha solicitude individual para cada un dos seus fillos.

***IMPORTANTE:** Deberá ter conta de [CHAVE365](#), o [certificado dixital](#) ou o DNI electrónico e mais a aplicación [Autofirma](#).

- **PRESENTACIÓN PRESENCIAL CON ASISTENCIA DA APLICACIÓN:** cubra os datos nesta [aplicación](#), imprima os Anexos I e II producidos e presénteos no centro educativo.
- **PRESENTACIÓN MANUAL:** cubra os Anexos I e II da Orde da convocatoria e presénteos no centro educativo.

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR



- Copia do **Libro de Familia**.
- **Sentenza xudicial** ou do convenio regulador onde se especifique a garda e custodia do menor, no caso de **separación ou divorcio**.
- Certificado de **discapacidade**.
- Documentación xustificativa da situación de **violencia de xénero**.
- Resolución xudicial por **incapacitación con patria potestade**.
- Resolución administrativa ou xudicial acreditativa da **situación de acollemento ou certificado do centro de menores**.



OUTROS DATOS DE INTERESE

- Terase en conta a **renda** do ano 2022 e o número de membros computables da unidade familiar con data do 31/12/2022, agás cando unha sentenza de separación ou divorcio posterior a esa data atribúa a custodia exclusiva a unha das persoas proxenitoras, nos casos de violencia de xénero e nos casos de falecemento dalgunhas das persoas proxenitoras.
- O alumnado que non estea admitido/a nin coñeza en que centro vai estar escolarizado no curso escolar 2024/25, deberá presentar a solicitude no centro no que está matriculado no curso 2023/24.
- Para **5° e 6° de EP** a solicitude será só para a adquisición de **material escolar** por ser cursos **E-DIXGAL**.
- O alumnado de **6° EP** presentará a solicitude no **IES onde foi admitido/a**.

ACLARACIÓNS IMPORTANTES



No **Anexo II** existen 2 cadros, un para comprobación do DNI e outro para a comprobación dos datos da renda do 2022. Ambos cadros deben vir firmados polos **membros computables da unidade familiar**, excepto a persoa que solicita a axuda que xa o fai na solicitude.

A **firma dos menores** de idade é realizada polos proxenitores/as ou titores/as legais.

As **solicitudes** poden entregarse na conserxería ou **secretaría do centro**.


DATAS IMPORTANTES



- **Publicación Listaxes Provisionais:**
1 de xullo de 2024
- **Período de Reclamación:**
2 e 3 de xullo de 2024
- **Publicación de Listaxes Definitivas:**
4 de xullo de 2024
- **Recollida de vales de Libros de Texto en 1º e 2º de Educación Primaria e de vales para adquirir material:**
2, 3, 4, 5 e 6 de setembro de 2024 de 10:00-13:00h

Calquer información ou dúbida atenderémosvos a través de:

 **Teléfono:** 881930471

 **Correo electrónico:** ceip.andrade@edu.xunta.gal

Para mais información consulte as [seguintes instrucións](#).

